



Excmo. Concello de Tui



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS QUE HA DE REXER NA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE NATURAL "ÁLVAREZ DURÁN" E DE GUILLAREI, ASÍ COMO OS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL "ÁLVAREZ DURÁN", "SANTA COLUMBA DE RIBADELOURO" E "O FOXO CALDELAS" EN TUI.

1º OBXECTO

O obxecto do presente prego é a definición de procesos, metodoloxía, normativa e sistemas técnicos polos que se ha de rexer a adxudicación e posterior execución dos servizos de mantemento dos campos de fútbol de céspede natural das instalacións "Álvarez Durán" e de Guillarei, así como dos campos de fútbol de céspede artificial das instalacións "Álvarez Durán", "Santa Columba de Ribadelouro" e "O Foxo Caldelas". Os servizos contratados deberán asegurar o funcionamento continuo e eficaz das instalacións deportivas.

O Concello de Tui non dispón de persoal específico suficiente para a realización destes traballos de mantemento e a non conveniencia da súa ampliación, polo cal saca a concurso dita adxudicación.

2º ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación do contrato é

- Campos de fútbol de céspede natural:
 - "Álvarez Durán" situado en Randufe – Tui
 - Guillarei – Tui
- Campos de fútbol de céspede artificial:
 - "Álvarez Durán" situado en Randufe – Tui
 - "Santa Columba de Ribadelouro" situado en Ribadelouro – Tui
 - "O Foxo Caldelas" de Caldelas – Tui

3º CONDICIONANTES DO MANTEMENTO

Para o desenvolvemento das actividades, o Adxudicatario deberá adaptar as labores de mantemento ao desenvolvemento das actividades realizadas polos clubs deportivos que realizan os seus adestramentos e competicións nas instalacións obxecto do contrato.

4º DESCRICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR NOS CAMPOS DE CÉSPEDE NATURAL

O Adxudicatario no poderá realizar obras novas, ni melloras que alteren o modifiquen a topoloxía, forma, disposición o criterio dos elementos e superficies a conservar, salvo consulta previa e autorización expresa do Concello.



Excmo. Concello de Tui



Se expresan a continuación os traballos de mantemento incluídos no ámbito da prestación:

4.1.- Segade do céspede

Será obxecto de atención preferente por parte do Adxudicatario.

Deberá realizarse cunha segadora de tipo helicoidal, autopropulsada, de ao menos 1 metro de anchura de corte total e cuxas unidades de corte estean dotadas de ao menos oito corta cuchillas, debendo prestar especial atención ao afiado de cuchillas, que realizarase cada 15 días como máximo renovándose, ao menos, de forma semestral.

Ao segar sempre usarase a maior velocidade posible de xiro nas unidades de corte, ao obxecto de obter unha sega uniforme, sen ondas, para o cal deberá adaptarse a velocidade de avance da segadora.

A altura de sega poderá oscilar entre 1 e 2,5 cm., en función das necesidades do campo, das condicións edafoclimáticas e das condicións de crecemento e sanidade do céspede. Entenderase "altura de corte" como a distancia vertical medida entre o hipotético plano formado polos puntos de apoio da segadora e a cuchilla da mesma, cando esta se encontra en posición de corte e situada sobre unha superficie lisa e horizontal.

A frecuencia de sega virá determinada pola regra do 1/3. Isto é, deberá segarse o céspede antes de que haxa alcanzado unha altura tal, que os recortes produto da sega non superen 1/3 da altura de corte prevista. Normalmente esta sega se realizará semanalmente, aínda que dependerá do crecemento do propio céspede.

O Adxudicatario está obrigado ao recorte dos bordes do campo de céspede e dispoñerá para iso e ao seu custe das perfiladoras e segadoras corta bordes necesarias para a realización de tal traballo.

O Adxudicatario, en aras dunha mellor calidade da superficie de xogo, estará obrigado á recollida dos restos de corte e depositalo no lugar indicado para tal efecto, así como realizar a adecuada xestión dos mesmos.

4.2.- Fertilización

A fertilización do céspede adecuarase as súas necesidades nutritivas, ao seu grado de desenrolo, ao seu estado sanitario e ás condicións de chan e clima.

O Adxudicatario presentará, incluído nos plans de traballo, o correspondente plan de fertilización para a súa aprobación, onde recolleranse especificamente as formulacións, doses e frecuencias de aplicación. Este plan de fertilización poderá variarse en función dos resultados obtidos ao longo do mantemento e das variacións



Excmo. Concello de Tui



que podan darse, a instancias do Concello e previa consulta e aprobación polo Concello.

O Concello, por se o a instancias do Adxudicatario, poderá ordenar a realización de emendas correctoras de carencias. Para determinar a necesidade a as características da emenda será necesaria a presentación dos correspondentes análises xustificativos.

4.3.- Control fitosanitario

Os licitadores deberán presentar na súa proposición un Plan de Manexo Integrado. Se entende por Plan de Manexo Integrado o PMI, o conxunto de técnicas destinadas a manter baixos e reducir os danos causados polas pragas, as enfermidades e as malas herbas, tendo en conta o contexto ambiental, a dinámica de poboacións dos insectos e a ecoloxía das enfermidades e malas herbas. As técnicas que recollerá este plan incluírán:

- I.- Loita química
- II.- Loita biolóxica.
- III.- Medidas culturais.

Igualmente no PMI a presentar formularanse estratexias de actuación en tres ámbitos:

- Estratexias a curto prazo, para a solución de problemas existentes.
- Estratexias a medio prazo, para reducir a ocorrencia, intensidade o extensión dos problemas existentes.
- Estratexias a curto, medio e longo prazo para minimizar a posibilidade de desenrolo de novos problemas.

O PMI non excluírá a loita química, sen embargo, limitará o seu emprego ás seguintes condicións:

- Cando sexa a única opción efectiva.
- Cando sexa a única opción económica.
- Como axuda na posta en marcha de cambios de deseño.

A aplicación de loita química se comunicará previamente, para a súa aprobación, aos Técnicos Municipais e indicarase ao menos, data, lugar, materia activa, toxicidade de a mesma, doses e método de tratamento. A súa aplicación realizarase nas debidas condicións de Seguridade e Hixiene segan a Lexislación vixente.

Será responsabilidade do Adxudicatario calquera dano derivado da incorrecta aplicación do tratamento químico segundo a normativa vixente ou as instrucións do Organismo, así como a adopción de medidas de seguridade e información ao público, que incluírán sinalización, valado, delimitación perimetral e limitación de acceso ou peche temporal, se así se estimase oportuno por parte dos técnicos do Concello.



Excmo. Concello de Tui



No caso de empregar sacha química para o control de malas herbas, comunicárase previamente, para a súa aprobación e indicárase polo menos, data, lugar, materia activa e dose de herbicida a empregar. A súa aplicación realizarase nas debidas condicións de Seguridade e Hixiene segundo a Lexislación. Será responsabilidade do Adxudicatario calquera dano derivado da incorrecta aplicación da sacha química segundo a normativa vixente e instrucións dos Técnicos Municipais, así como a adopción de medidas de seguridade e información ao público, que poden incluír sinalización, valado, delimitación perimetral e limitación de acceso, ou o peche temporal, se así se estimase oportuno por parte do Organismo.

4.4.- Aireación – Descompactación

Con este labor preténdese corrixir o apelmazamento, provocado polo uso, nos campos deportivos de céspede natural, favorecendo deste xeito o intercambio gasoso do chan e a precolación da auga. Este labor realizarase de forma mecánica, afondando polo menos 7 cm., e cunha densidade de 200 orificios por metro cadrado. Os terróns produto do picado retiraranse da superficie do céspede. Realizaranse polo menos dous picados anuais, preferiblemente en primavera ou primeiros de verán e no outono.

O Concello, por se ou a instancias do Adxudicatario e en caso de que as circunstancias así o aconsellen, poderá ordenar a realización dunha descompactación profunda do campo. Este labor, de características extraordinarias, deberá realizarse mediante o emprego de maquinaria que permita alcanzar unha profundidade de polo menos 15 cm. En calquera caso, o custo deste labor será por conta do Adxudicatario.

4.5.- Escarificado

O feltro (acumulación de restos orgánicos) no campo non deberá superar en ningún caso un centímetro de espesor. Realizáseno escarificados do campo na súa totalidade polo menos dúas veces ao ano, en primavera ou inicios do verán e no outono. Realizarase mediante emprego de escarificadoras mecánicas, en prol da desexable uniformidade de tratamento ao campo. O Concello, por se ou a instancias do Adxudicatario, no caso de que as circunstancias así o aconsellen, poderá ordenar a realización de escarificados adicionais ao campo, que sempre serán por conta do adxudicatario.

4.6.- Recebado

Este labor (consistente no estendido dunha lixeira capa de substrato sobre o céspede) realizarase mediante o emprego de recebadoras, o que permitirá a realización dun labor uniforme en todo o campo. A dosificación poderá variar en función do obxectivo a lograr, das condicións edafoclimáticas e das características do céspede, o seu estado vexetativo, nutricional, etc. Empregarase, para este labor, un substrato de idénticas características á capa cortacésped existente no campo. Realizaranse, de forma xenérica en todo o campo, polo menos dous labores de recebado ao ano.



Excmo. Concello de Tui



4.7.- Nivelado

Coa finalidade de manter a nivelación orixinal do campo, realizarase unha comprobación topográfica como mínimo unha vez ao ano, realizándose as correccións necesarias para o restablecemento da planimetría do campo. Para iso apoiácese nos labores de recebado e de parcheo, xunto cos necesarios pases de rolo. Este rolo, terá un peso que poderá oscilar entre 1 e 2 quilos por centímetro de xeratriz.

4.8.- Tepeo

Consiste na renovación intensiva do céspede mediante emprego de "tepes" ou pranchas de céspede en zonas de uso intenso, como as portarías ou centro do campo. Os tepes empregados para este labor, terán as mesmas características, tanto de chan coma de mestura de especies, que as existentes no campo. O Adxudicatario dispoñerá, para a realización deste labor, dunha tepeadora, tanto para eliminar ás zonas afectadas coma para o corte dos tepes necesarios para a súa substitución. Os tepes deberán ter un espesor que poderá oscilar entre os 3 e os 8 cm., en función das necesidades e características da zona a reparar.

O Adxudicatario dispoñerá, para a realización deste labor, dunha tepeadora, tanto para eliminar as zonas afectadas coma para o corte dos tepes necesarios para a súa substitución. Os tepes deberán ter un espesor que poderá oscilar entre os 3 e os 8 cm., en función das necesidades e características da zona a reparar.

4.9.- Resembra

Este labor, necesario para o mantemento da mestura de especies que conforman o céspede do campo, realizarase, de forma xenérica en todo o campo, polo menos unha vez ao ano, preferiblemente en primavera ou a inicios de verán. Á parte, deberanse atender as zonas sometidas a maior uso, mediante a aplicación dun programa de resembra ou parcheo, tal e como se especifica no apartado correspondente. As sementes empregadas deberán ter as mesmas características que as que compoñen o céspede do campo.

4.10.- Persoal e medios técnicos e materiais

As operacións e medidas, ordinarias e extraordinarias, mesmo as de seguridade e hixiene necesarias para o mantemento da superficie obxecto do contrato, maquinaria (incluído o afiado de coitelas, reparacións e mantemento), sementes, substratos, fertilizantes e herbicidas, produtos fitosanitarios, tepes, análise e demais elementos necesarios para unha óptima prestación dos campos de fútbol serán a cargo do Adxudicatario.

En ningún caso o persoal da empresa adxudicataria poderá considerarse con relación laboral ou funcional co Concello de Tui, debendo ter a empresa adxudicataria debidamente informado ao seu persoal en relación con este extremo.

A maquinaria, vehículos e útiles deberán conservar durante a vixencia do contrato un bo aspecto, tanto exterior coma interior e encontrarse en perfecto estado



Excmo. Concello de Tui



de utilización e conservación, podendo ser desbotados polo Concello cando non reúnan as debidas condicións, debendo proceder o Adxudicatario á súa substitución de forma inmediata.

5º DESCRICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR NOS CAMPOS DE CÉSPEDE ARTIFICIAL.

A empresa adxudicataria realizará 3 veces ao ano as seguintes tarefas de mantemento especializado en cada un dos campos de céspede artificial:

5.1.- Reparación de danos que constará basicamente das seguintes operacións:

- . Limpeza da superficie a reparar
- . Aireación da zona a reparar para evitar humidades ou no caso contrario utilización dun produto para superficies húmidas
- . Inserir a banda de unión no seu sitio desdobrando a manta
- . Pegar a zona se é necesario con adhesivo de contacto especial, premendo varios minutos para asegurar a unión.

5.2.- Limpeza da superficie do céspede artificial

Efectuátese unha operación especial de barrido-aspirado de toda a superficie con maquinaria específica (unidade especial de aspirador de micropartículas con cepillo barredor rotatorio con sentido contrario cunha anchura de traballo de 1.200 mm), aireado do caucho e cribado deste. Eliminación de todos aqueles elementos alleos ao pavimento deportivo (follas, cigarros, pequenos papeis, etc.)

5.3.- Descompactación do terreo

Realízase o descompactado e aireado dos recheos con maquinaria específica de arrastre. A frecuencia deste labor relaciónase coa intensidade de uso, establecéndose un mínimo dunha vez cada 4 meses en cada campo.

Realízase con cepillo/grade coa profundidade adecuada para evitar desgaste da fibra e non danar as unións así como puntos ou liñas de marcaxe. O céspede e o recheo deberán estar completamente secos. Posteriormente realizátese o cepillado especial para redistribución dos recheos.

5.4.- Cepillado para redistribución do recheo e reorientar a fibra.

Cepillarase para manter as fibras levantadas e para redistribuír a capa de recheo. Realízase con maquinaria especializada para este tipo de labor. O céspede e o recheo han de estar completamente secos. Realízase o cepillado en ambas as dúas direccións.

5.5.- Inspección de liñas de marca, punto de penalti e xuntas de unión

Inspeccionarase o terreo de xogo en busca de posibles problemas, como roturas, despegues ou queimaduras, co fin de reparalas a continuación. Mediante esta operación inspeccionarase as xuntas e liñas de marcaxe, así como os puntos máis



Excmo. Concello de Tui



sensibles do terreo de xogo, como puntos de penalti ou áreas de saque de esquina, procedendo a reparar e/ou substituír os que se encontran en mal estado.

5.6.- Eliminación de malas herbas

Tanto as herbas coma o mofo que puidese saír deberán ser eliminados manualmente dende a raíz, poñendo especial coidado en non danar a base do céspede artificial.

En caso necesario realizarase unha aplicación de produto herbicida específico en toda a superficie invadida de malas herbas.

5.7.- Revisión do sistema de rego do espazo deportivo

Realizarase un rego completo da instalación xusto despois de realizar o resto de tarefas de mantemento, comprobándose o correcto funcionamento de todos os elementos (aspersores, programador, bombas, depósito, cadro de manobra...)

Efectuarase una limpeza de aspersores, filtros e outros elementos.

5.8.- Recebo de recheo con caucho:

A empresa adxudicataria realizará 1 vez ao ano e ao termo da tempada dos equipos de fútbol, o recebo dos campos de fútbol co mesmo caucho que ten cada un, a razón de 10 toneladas por ano de contrato, a distribuír entre os tres campos, segundo as necesidades de cada un deles.

6º RECOLLIDA DE DATOS E ELABORACIÓN DUN HISTORIAL DE MANTEMENTO

O adxudicatario, logo de consulta e aprobación por parte do Concello, realizará toma e recollida de datos de mantemento, elaborando con eles un historial ou memoria dos devanditos labores. Neste historial compilaranse todas as actuacións realizadas co maior detalle posible, facendo especial mención a datas, dose, frecuencias, cantidades..., emitíndose un informe cuatrimestral das actividades realizadas.

Esta información organizarase en formato, formularios de captación de datos, consultas e programas previamente aprobados polo Concello. Os datos do Historial de Mantemento actualizaranse coa frecuencia necesaria para unha correcta operatividade do sistema de xestión.

7º CONTROL E INSPECCIÓN DOS TRABALLOS

A empresa adxudicataria será directamente responsable da calidade do servizo, controlando continuamente todos os aspectos con el relacionados polo sistema que considere oportuno, de tal maneira que poida responder en calquera momento e de inmediato calquera cuestión formulada e relacionada co servizo.



Excmo. Concello de Tui



Os servizos contratados estarán sometidos permanentemente á inspección e vixilancia do Concello, podendo este realizar as revisións de persoal e material que estime oportunas en calquera momento.

O adxudicatario deberá en todo caso presentar partes de traballo, con a frecuencia indicada polo responsable do servizo, onde apareza o resúmen das labores realizadas e, no seu caso, as incidencias ocorridas na xornada.

O Concello resérvase a posibilidade de cambiar as tarefas previamente planificadas pola empresa adxudicataria, sempre que iso non supoña incremento de custo para esta.

8º RESPONSABILIDADE LABORAL e MEDIOAMBIENTAL

8.1.- Responsabilidade Laboral

Prevención de riscos laborais: Os adxudicatarios quedan obrigados, con respecto ao persoal adscrito ao contrato, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e en particular á prevención de riscos laborais (Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais), así como calquera outras de xeneral observancia.

8.2.- Responsabilidade Ambiental

O contratista instruirá o persoal adscrito ao contrato sobre o tratamento de envases e residuos, a conservación dos espazos naturais e protección do medio, coidando os devanditos aspectos no marco da prestación, como medida de colaboración na sensibilización e concienciación en materia ambiental.

9º ORZAMENTO DE LICITACIÓN.- De conformidade co orzamento municipal en vigor, a contía a licitar será ata un máximo de:

- a).- Orzamento base: 24.789,26€, anual.
- b).- Cantidade correspondente ó I.V.E: 5.205,74 €, anual.
- c).- Orzamento total execución contrata: 29.995,00€, anual.

Tui, 27 de setembro de 2013

Asdo. Diego Fernández López
Animador Deportivo
Concello de Tui